

OBXECTO DA CONTRATACIÓN:

"SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL MEDIANTE GAS NATURAL CANALIZADO ÁS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL"

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A SÚA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA.

1.-OBXECTO DO CONTRATO: A contratación da **"SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL MEDIANTE GAS NATURAL CANALIZADO ÁS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL"**, conforme a este prego de cláusulas administrativas particulares (en diante **PCAP**), ao de prescricións técnicas (en diante **PPT**) e a oferta presentada polo contratista. En caso de discrepancia entre pregos, primará o sinalado no **PCAP**. A súa codificación, correspondente ao número de referencia do Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV), é 09123000-7 Gas Natural.

2.-PRESUPOSTO MÁXIMO DA LICITACIÓN, VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E FINANCIAMENTO: Para o cálculo do presuposto máximo de licitación e do valor estimado do contrato tivéronse en conta os gastos producidos durante o último período anual como consecuencia da subministración de gas natural ás instalacións da piscina municipal, especificados no **PPT**.

Sínálase como **presuposto máximo de licitación por ano (12 meses), 33.206,83 €/ano, sen incluír o IVE.**

O **presuposto máximo de licitación durante a duración do contrato (dous anos), é de 66.413,66 €, sen incluír o IVE**, e o presuposto máximo de licitación durante a total duración do contrato (dous anos e as posibles prórrogas é de **132.827,32 €.**

As ofertas dos licitadores expresaranse nun prezo unitario medio (€/MWh) da enerxía útil a subministrar por medio de gas natural.

Para atender as obrigas económicas que se deriven para o ente contratante, Organismo Autónomo "Terra de Sanxenxo" (en diante Terra) do cumprimento deste contrato existe crédito suficiente no presuposto separado de Terra con cargo á aplicación 34210/22103.

A adxudicación quedará sometida a condición suspensiva de existencia de crédito suficiente para garantir o cumprimento das obrigas derivadas do contrato nos exercicios correspondentes.

3.-RISCO E VENTURA E REVISIÓN DE PREZOS: O contrato executarase a risco e ventura do contratista e non procederá a revisión de prezos polo seu reducido prazo de execución.

4.-CAPACIDADE PARA CONTRATAR: Poderán concorrer, por se ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade para obrar, non estean incursas nalgunha das prohibicións para contratar que enumera o art. 60 do TRLCSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

5.-PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANO DE CONTRATACIÓN: O contrato **non está suxeito a regulación harmonizada**, ao non superar o seu valor estimado a cantidade prevista no artigo 15.1.b) do TRLCSP. **Dado que o seu valor estimado é 132.827,32 €, superior a 100.000 €, non se poder acudir a un procedemento negociado, de acordo co disposto no artigo 173 f) e adxudicarase mediante procedemento aberto, acudindo ao disposto no artigo 138.2.**

A trámitación será ordinaria.

O art. 9.8 dos Estatutos de Terra prescribe que o Consello de Administración de Terra ten atribuída a contratación e adxudicación de obras, servizos e subministracións ata o límite establecido nas Bases de Execución do Orzamento e o art. 6.2 h) dos mesmos estatutos, indica que a Presidencia de Terra terá as demais competencias non expresamente atribuídas ao Consello de Administración. Na Base 25ª do Orzamento Xeral consolidado do Concello para o ano 2.016, e que integra o de Terra, indícase, dentro das Normas Específicas para a Entidade Local, seus Organismos Autónomos e Sociedades Dependentes, punto b., que os sistemas de reparto de competencias entre órganos de contratación son os establecidos na Disposición Adicional 2ª 1 e 2 do TRLCSP, engadindo que, no caso de Terra, a competencia do Consello de Administración para estas contratacións queda limitada á que lle corresponde ao Pleno na citada Disposición Adicional, sendo da Presidencia de Terra a competencia para a contratación nos restantes supostos. En aplicación das disposicións citadas nesta cláusula a competencia correspóndelle á **Presidencia de Terra**, ao tratarse dun contrato de subministración que non supera o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin a contía de **6.000.000,00 €**, sendo a súa duración non superior a **CATRO (4) ANOS**.

6.-PRAZO PARA PRESENTAR PROPOSICIÓN E LUGAR ONDE PRESENTALAS: O prazo de presentación de proposicións será de **QUINCE (15) DÍAS NATURAIS** a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (en diante BOP), Diario Oficial de Galicia (en diante DOG) e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello de Sanxenxo, **www.sanxenxo.es** (en diante perfil do contratante). O cómputo de prazos comezará dende a última publicación en calquera dos medios citados. Faise constar que, se o prazo rematase en festivo ou sábado, se ampliará ao día seguinte hábil.

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, das **9 ás 14 horas, de luns a venres**, en sobres pechados que poderán ser lacrados e precintados, firmados polo licitador ou persoa que o represente e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula seguinte.

Poderanse presentar, dentro do prazo citado no primeiro parágrafo desta cláusula, as propostas por correo, tendo o interesado que acreditar, no resguardo correspondente, a data de imposición do envío na OFICINA DE CORREOS, anunciando o mesmo día do envío e no horario citado ao comezo desta cláusula, ao órgano de contratación, por FAX, ao número **986721022**, a remisión da proposta. Sen o cumprimento destes requisitos non será admitida a proposición no caso de que fose recibida fóra do prazo previsto no anuncio de licitación. Non obstante, transcorridos **DEZ (10) DÍAS NATURAIS**, contados a partir do seguinte ao do remate do prazo de presentación, non será admitida ningunha proposición remitida por correo.

7.-DOCUMENTACIÓN DAS PROPOSICIÓN: A presentación da proposta presupón a aceptación incondicional por parte do licitador das cláusulas do **PCAP** e do **PPT** e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar co ente contratante. As propostas constarán de **DOUS (2) SOBRES** pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, facendo constar en cada un deles o seu contido, nome do licitador e a súa dirección, así como o número de teléfono e, no seu caso, a dirección de correo electrónico para a súa localización inmediata.

Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa proposta, individual ou mediante a fórmula de unión temporal. Tampouco poderá figurar en mais dunha unión temporal. O incumprimento desta cláusula dará lugar á desestimación de todas as proposicións presentadas polo mesmo licitador.

No **SOBRE "A"** e baixo a denominación de **"DECLARACIÓN RESPONSABLE"**, inclúrase unha declaración responsable do licitador, conforme ao modelo que figura no anexo I deste prego, indicando que cumpre

as condicións para facer este contrato co Concello e que, se recae ao seu favor a proposta de adxudicación, se compromete a presentar ante o órgano de contratación a documentación que se cita na **cláusula 13ª do PCAP**, no prazo que nesa cláusula se sinala. En todo caso o órgano de contratación, a efectos de garantir o bo fin do procedemento, poderá recabar en calquera momento anterior a proposta de adxudicación, que os licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatarios do contrato, especialmente as condicións de solvencia que tamén se citan de seguido:

-Solvencia económica e financeira: Acreditarase mediante o volumen anual de negocios do licitador, referido ao ano de maior volumen no ámbito do contrato, dentro dos **TRES (3) ÚLTIMOS EJERCICIOS**, por importe igual ou superior a **49.810,24 €** sen IVE. Será acreditado por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil.

-Solvencia técnica e profesional: Acreditarase mediante a presentación polo licitador dunha relación das subministracións de gas natural ou subministracións de similar natureza que os que contitúen o obxecto do contrato, atendendo a tal efecto aos primeiros díxitos do código CPV 09123000-7 durante os últimos **CINCO (5) ANOS** anteriores á data de finalización de presentación de ofertas desta licitación, durante o ano de maior execución do periodo citado por importe igual ou superior a **66.413,66 €** sen IVE, indicando o seu importe, datas e destinatario público ou privado dos mesmos. As subministracións acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

Tamén será necesario que o licitador acredite a súa condición de comercializador autorizado de gas natural canalizado.

No **SOBRE "B"** e baixo denominación "**OFERTA ECONÓMICA**", realizarase a proposta de acordo co modelo que figura no **anexo II** deste prego, debendo os licitadores axustar a súa proposta ao que figura na **cláusula 8ª do PCAP**.

8.-CRITERIO DE ADXUDICACIÓN: Será o seguinte que se valorará matematicamente como a continuación se sinala:

-OFERTA ECONÓMICA: Expresarase nunha cantidade do prezo unitario medio (€/MWh) da enerxía útil a subministrar por medio de gas natural, que non poderá ser superior á cantidade fixada na cláusula 6 do PPT (54,95 €/MWh). Estas cantidades non inclúen ningún imposto ao respecto, nin o IVE.

9.-MESA DE CONTRATACIÓN: A presidirá o Sr. presidente ou conselleiro/a de Terra en quen delegue e, de conformidade coa Disposición Adicional 2ª do TRLCSP, asistirán, en calidade de vocais, dous conselleiros/as nomeados polo órgano de contratación, a presidencia de Terra, o Secretario da Corporación e o Interventor como vocais. Actuará como Secretario un funcionario/a designado pola presidencia. A composición da Mesa publicárase no perfil do contratante cunha antelación mínima de **SETE (7) DÍAS NATURAIS** con respecto a súa data de constitución. A Mesa poderá solicitar asesoramento externo para a avaliación dos proposicións presentadas.

10.-CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN, APERTURA DO SOBRE "A" E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN INCLUÍDA NO MESMO: Concluído o prazo de presentación de proposicións e coa documentación presentada conforme ao disposto neste prego, a Mesa constituirase, en sesión non pública, no salón de sesións do Concello, ás **DEZ (10) HORAS** do **PRIMEIRO DÍA HÁBIL** seguinte ao da data de finalización do prazo de presentación de proposicións ou da presentación da última proposición enviada por correo se, previamente, se comunicase a remisión de proposicións por este medio no sentido indicado na **cláusula 6ª do PCAP**. No caso de que este día coincidise nun día inhábil, a sesión constitutiva da Mesa celebraríase o seguinte día hábil na mesma hora e lugar. Se a mesma hora coincidisen diversas reunións de Mesas de distintos procedementos de adxudicación, as reunións comezaran polo expediente de maior contía do orzamento máximo de licitación e seguirán, cando rematase a anterior, pola orde de maior a menor contía polo concepto citado. Nesta primeira reunión a Mesa, logo de constituírse, procederá á apertura do **SOBRE "A"** e á cualificación da documentación aportada polos licitadores no mesmo.

*Se a Mesa observase defectos ou omisións subsandables na documentación presentada no **SOBRE "A"**, comunicarao verbalmente ao interesado, ao número de teléfono que apareza na portada da plica e procederá a publicalo no perfil do contratante, concedendo un prazo de **DOUS (2) DÍAS NATURAIS**, contado a partir da práctica da comunicación ou da publicación no perfil do contratante, para que os licitadores corrixa ou emenden os defectos ou omisións. Faise constar que, se o prazo rematase en festivo ou inhábil, se ampliará ao día seguinte hábil.*

11.-CUALIFICACIÓN DEFINITIVA DA DOCUMENTACIÓN INCLUÍDA NO SOBRE "A", POSTA EN COÑECEMENTO DA CUALIFICACIÓN, APERTURA DO SOBRE "B" E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN: A sesión onde se realizarán os actos sinalados no enunciado desta cláusula celebrarase na salón de sesións do **Concello**, ás **DEZ (10) HORAS** do **TERCEIRO DÍA NATURAL** seguinte ao da data da apertura do **SOBRE "A"**. No caso de que este día coincidise nun día inhábil, esta sesión celebraríase o seguinte día hábil, na

mesma hora e lugar. Se a mesma hora coincidisen diversas reunións de Mesas de distintos procedementos de adxudicación, **as** reunións comezaran polo expediente de maior contía do orzamento máximo de licitación e seguiran, cando rematase a anterior, pola orde de maior a menor contía polo concepto citado.

A reunión da Mesa, comezará coa cualificación definitiva da documentación presentada no **SOBRE "A"** e o pronunciamento expreso sobre os admitidos a licitación, os rexeitados e as causas do rexeitamento e, a continuación, xa con carácter público, a Mesa dará conta dos incidentes da citada cualificación. Posteriormente iniciarase a apertura do **SOBRE "B"** e a lectura das proposicións formuladas neles.

Unha vez realizada a apertura do **SOBRE "B"** o Secretario da Mesa informará que se formulará proposta de adxudicación ao órgano de contratación a favor da oferta co prezo mais baixo. En caso de existir empate nas ofertas, decidirse a oferta sobre a que se formulará proposta de adxudicación mediante sorteo que se celebrará ante a Mesa nese mesmo acto e con carácter público.

A continuación polo Secretario da Mesa invitarase aos licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas contra o acto celebrado, as cales deberán formularse por escrito no prazo máximo de **DOUS (2) DÍAS HÁBILES** seguintes á celebración desta sesión e que se dirixirán ao órgano de contratación.

A reunión da Mesa finalizará, con carácter non público, coa proposta de adxudicación do contrato ao licitador que presente a proposta co prezo mais baixo, ou no caso de existir empate nas ofertas, a quen resultase elixido no sorteo.

12.-OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS:

Unha vez realizada a valoración pola Mesa, o órgano de contratación procederá a apreciar se existen valores desproporcionadas ou anormais nas ofertas, utilizando, para o prezo, os criterios establecidos no art. 85.1 ao 4 do RXC. Se o órgano de contratación entende que a proposición máis valorada podería ser cualificada como anormal ou desproporcionada, tramitará o procedemento previsto no art. 152.3 do TRLCSP.

13.- REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, INCLUÍDA A GARANTÍA:

O órgano de contratación requirirá, para que presente no prazo de **DEZ (10) DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte a aquel no que se reciba o requirimento, a documentación que se cita nos seguintes parágrafos, ao licitador proposto pola Mesa sempre que a súa oferta non fose declarada desproporcionada ou anormal, suposto que, de darse, provocará que o órgano

de contratación a exclúa e faga o requirimento a favor da seguinte proposición coa puntuación máis elevada, sempre que poida cumprirse a satisfacción da Administración e que non sexa considerada anormal ou desproporcionada.

A data para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración (documentación correspondente a todos os puntos agás o 7º, en canto a formalización en escritura pública das Unións Temporais de Empresas e a presentación do CIF da Unión Temporal), será o da finalización do prazo de presentación das proposicións e do cumprimento nesa data dos requisitos, deberán responder os documentos e certificacións que se presenten.

Os documentos a presentar son os seguintes que deberán ser orixinais, non obstante admitiranse fotocopias dilixenciadas polo Secretario do ente contratante ou funcionario/a en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais:

1. Acreditación da personalidade xurídica do licitador: Escritura de constitución ou modificación inscrita, se é o caso, no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o é, escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.
2. Acreditación da representación de quen actúa en nome do licitador (aplicable a todos os casos, agás aquel no que o licitador sexa unha persoa física e actúe por se mesma): Poder notarial bastantado polo Secretario Xeral do ente contratante.
3. Declaración responsable do licitador, conforme ao modelo que figura no **anexo III do PCAP**, de non se encontrar dentro das prohibicións para contratar establecidas no art. 60 do TRLCSP: Esta declaración deberá referirse a mesma persoa xurídica e aos seus administradores e incluírá expresamente a circunstancia de encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Sanxenxo (en diante Concello), e co seu Organismo Autónomo "Terra", co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.
4. **Solvencia económica e financeira**: Acreditarase mediante o volumen anual de negocios do licitador, referido ao ano de maior volumen no ámbito do contrato, dentro dos **TRES (3) ÚLTIMOS EJERCICIOS**, por importe igual ou superior a **49.810,24 €** sen IVE. Será acreditado por

medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil.

5. **Solvencia técnica e profesional:** Acreditarase mediante a presentación polo licitador dunha relación das subministracións de gas natural ou subministracións de similar natureza que os que contúen o obxecto do contrato, atendendo a tal efecto aos primeiros díxitos do código CPV 09123000-7 durante os últimos **CINCO (5) ANOS** anteriores á data de finalización de presentación de ofertas desta licitación, durante o ano de maior execución do periodo citado por importe igual ou superior a **66.413,66 €** sen IVE, indicando o seu importe, datas e destinatario público ou privado dos mesmos. As subministracións acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

Tamén será necesario que o licitador acredite a súa condición de comercializador autorizado de gas natural canalizado.

6. Rexistro de licitadores: A inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia eximirá aos licitadores de presentar a documentación esixida neste sobre correspondente aos puntos 1, 2, 3 e 4. Deberá acreditarse mediante unha certificación expedida polo Rexistro de que se trate acompañada dunha declaración responsable, conforme ao modelo que figura no **anexo IV** deste prego, do licitador na que se manifieste que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.
7. Unións temporais de empresarios: Dous ou máis empresarios poderán presentar propostas conxuntas de licitación constituíndo unha unión temporal de conformidade co establecido no art. 59 do TRLCSP, debendo acreditar cada un a súa personalidade, capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose, para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal, as características acreditadas para cada un dos seus integrantes, cos nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de ser adxudicatarios do contrato e designar a persoa que será o seu representante ante o ente contratante. No suposto de resultar adxudicataria deberán acreditar a constitución da unión temporal en escritura pública e presentar o Código de Identificación Fiscal da unión

temporal no prazo dos **QUINCE (15) DÍAS NATURAIS** seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación e a súa duración coincidirá coa do contrato e ata a súa extinción. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante do ente contratante.

8. Empresas non españolas:

a) Acreditación da capacidade:

a-1) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega): Acreditarse mediante declaración xurada de estar habilitadas para realizar a prestación de que se trate de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas. Cando dita lexislación esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate deberán acreditar o cumprimento deste requisito.

a-2) Empresas non españolas non incluídas no apartado anterior: Acreditarse mediante a seguinte documentación:

Informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no art. 3 do TRLCSP, en forma substancialmente análoga.

b) Declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois: Comprenderá os xulgados e tribunais de calquera orde, para todas as incidencias que, de modo directo ou indirecto, puideran xurdir do contrato, coa renuncia do foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. Os documentos que se acompañen deberán ser orixinais, non obstante admitiranse fotocopias dilixenciadas polo Secretario do ente contratante ou funcionario/a en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

9. Xustificación acreditativa de encontrarse ao corrente das obrigas tributarias (Imposto sobre Actividades Económicas –en diante IAE-, Estado, Comunidade Autónoma de Galicia e Concello/Terra) e coa Seguridade Social. No que respecta ao IAE presentácese a alta, referida ao exercizo corrente ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula do imposto. Non obstante, cando a empresa non estea obrigada ao pagamento do IAE, abondará declaración responsable asinada polo licitador ao respecto. En todos os demais supostos presentaranse **certificacións positivas** dos organismos administrativos competentes.

10. Garantía definitiva do 5% do importe do presuposto máximo de licitación durante a duración total do contrato, 2 anos, (66.413,66 €).

De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte coa puntuación mais elevada, sempre que esta última oferta non fose declarada desproporcionada ou anormal.

14.-ADXUDICACIÓN DO CONTRATO: O órgano de contratación, dentro do prazo dos **CINCO (5) DÍAS HÁBILES** seguintes á recepción da documentación requirida na cláusula anterior, adxudicará motivadamente o contrato. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

A adxudicación do contrato **deberá recaer no prazo máximo de quince días a contar dende o seguinte ao da apertura das proposicións, en virtude do disposto no artigo 161 do TRLCSP.**

O acordo de adxudicación notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante. Na notificación individual indicarse o prazo no que debe procederse a formalización do contrato.

15.-FORMALIZACIÓN DO CONTRATO: A Administración e o contratista deberán formalizar o contrato en documento administrativo que se axuste, con exactitude, ás condicións da licitación, dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adxudicación, constituíndo título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante o anterior dito contrato administrativo poderá elevarse a escritura pública a petición do contratista e a súa costa.

16.-DEBER DE CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL: O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso coa ocasión da execución do contrato. A Administración non poderá divulgar a información facilitada polos licitadores que estes designen como confidencial. A estes efectos, os licitadores deberán incorporar en cada un dos sobres unha relación coa documentación á que dean ese carácter.

A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar secreto profesional respecto dos datos de carácter persoal dos que poidan ter coñecemento por razón da prestación do contrato, obriga que subsistirá aínda

logo da finalización do mesmo, de conformidade co art. 10 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en diante LOPD). O adxudicatario deberá formar e informar ao seu persoal das obrigas que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de segredo, respondendo a empresa adxudicataria persoalmente das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados puidese incorrer. O adxudicatario e o seu persoal durante a realización dos servizos que se presten como consecuencia do cumprimento do contrato, estarán suxeitos ao estrito cumprimento dos documentos de seguridade das dependencias municipais nas que se desenvolva o seu traballo.

Se o contrato adxudicado implica o tratamento de datos de carácter persoal deberase respectar, na súa integridade, a LOPD e a súa normativa de desenvolvemento, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Vigésimo Sexta do TRLCSP.

17.-DURACIÓN DO CONTRATO E MODIFICACIÓNS: Terá unha duración máxima de **DOUS (2) ANOS**, contada dende o día seguinte ao da sinatura do contrato e coa posibilidade de **DÚAS PRÓRROGAS**, dunha duración de un (1) ano cada unha delas.

Non se prevén modificacións do contrato neste prego, motivo polo que tan só poderán efectuarse cando concorra algunha das circunstancias enumeradas no art.107 do TRLCSP, que terán que xustificarse axeitadamente polo órgano de contratación e seguindo o procedemento do art. 108 do TRLCSP en relación co art. 211 do mesmo texto legal. Ademais, se experimenta variación o prezo do contrato, deberá reaxustarse a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado no prazo de **QUINCE DÍAS (15) NATURAIS** contado dende a data na que se notifique ao empresario o acordo de modificación. De conformidade cos arts. 156 e 219.2 do TRLCSP, as modificacións deberán formalizarse en documento administrativo.

18.-RESPONSABILIDADE NA EXECUCION DO CONTRATO: O contratista obrígase a cumprir as normas vixentes en materia fiscal, laboral, de seguridade social, de seguridade e hixiene na execución do contrato e calquera outra de obrigado cumprimento. Así mesmo o contratista asumirá a responsabilidade civil, administrativa ou penal que lle puidese corresponder como consecuencia da execución do contrato.

19.-PENALIDADES: Imporanse penalidades ao contratista cando incorra en algunha das causas previstas a continuación:

a) **Por cumprimento defectuoso e demora:** Imporanse penalidades por

cumprimento defectuoso nos seguintes termos:

- Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incurrixe en demora respecto do prazo total ou dos prazos parciais de cumprimento do contrato.
- Como regra xeral a súa cuantía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, caso no cal poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.
- En todo caso a imposición das penalidades non eximirá ao contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

b) Por incumprir criterios de adxudicación. Imporanse ao contratista penalidades por incumplir os criterios de adxudicación nos seguintes termos:

- Se durante a execución do contrato se apréciase que, por causas imputables ao contratista, incumpríuse algún/s dos compromisos asumidos na súa oferta.
- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25% da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumplido, resultará que a súa oferta non houbera sido a mellor valorada.
- Como regra xeral a súa cuantía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, caso no cal poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

20.-ABOAMENTO DO PREZO: A partir da formalización do contrato de subministración a empresa adxudicataria realizará a facturación por períodos mensuais, co prezo ofertado na súa proposta.

A factura deberá reunir os requisitos da factura electrónica, de acordo co disposto na Lei 25/2013 e deberá estar rexistrada correctamente no portal de entrada do Estado (FACE).

Reunidos todos os requisitos anteriores, e previo o correspondente informe técnico e de fiscalización, a factura será aprobada por parte do órgano de contratación.

21.-CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN: Estarase ao disposto nos arts. 226, 227 e 228 do TRLCSP.

22.-EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO: Ademais do suposto do cumprimento do contrato, este extinguirase pola súa resolución, sendo as causas as previstas nos arts. 223 e 299 do TRLCSP, que acordarase na forma prevista no art. 224 do TRLCSP e cos efectos citados nos arts. 225 e 300 do TRLCSP. Será causa específica de resolución do contrato o incumprimento por parte do contratista das obrigas asumidas na oferta.

23.-PRAZO, DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DA GARANTÍA: O prazo será **DUN (1) ANO** contado dende a extinción do contrato polo transcurso da súa duración total. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formulasen reparos á subministración prestada quedará extinguida a responsabilidade do contratista. Durante o período de garantía o contratista queda obrigado a emendar, a súa costa, todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades en que puidese incurrir, de acordo co establecido no presente prego.

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultasen responsabilidades a exercer sobre a garantía e transcorrido o prazo desta, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela. Unha vez finalizado o prazo de garantía sen que a liquidación do contrato se realizase por causas non imputables ao contratista, procederase, sen mais demora, a devolución ou cancelación da garantía unha vez depuradas as responsabilidades ás que se refire o art. 100 do TRLCSP.

24.-GASTOS A CARGO DO CONTRATISTA: Serán da súa conta os seguintes gastos:

- a) Os tributos de calquera Administración que pesen sobre o contrato ou sobre o seu obxecto, así como a obter as licenzas e autorizacións necesarias para a execución do contrato e o aboamento do tributo correspondente.
- b) Os gastos dos anuncios da licitación no DOG e no BOP e os gastos do anuncio da formalización do contrato, ata un máximo de **SEIS MIL (3.000,00) €**.



25.-RESPONSABLE DO CONTRATO: A efectos do disposto no art.52 do TRLCSP o responsable do contrato será o/a concelleiro/a que ostente ao longo da duración do contrato, a Concellería de Facenda.

26.-REXIME XURÍDICO: O contrato que regula as presentes cláusulas ten


carácter administrativo e, como tal, as partes sométense á lexislación de contratos das administracións públicas (TRLCSP, RXC e R.D.817/2.009, do 8 de maio); supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato resolveranse polo órgano de contratación, acordos que poñerán fin á vía administrativa e contra os que caberá recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto pola lei reguladora desta xurisdicción, despois da interposición previa, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Sanxenxo, 18 de outubro de 2.016.

O presidente



Gonzalo Gonzalo Pita



20.10.16

ANEXO I

MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR INDICANDO QUE CUMPRE AS CONDICIÓNIS ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR CO ORGANISMO AUTÓNOMO LOCAL "TERRA DE SANXENXO". (incluír no SOBRE "A")

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica ---
-----, CIF nº-----, para os efectos de incorporar a súa
proposta para participar no procedemento de contratación
**"SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL MEDIANTE GAS
NATURAL CANALIZADO ÁS INSTALACIÓNIS DA PISCINA MUNICIPAL",
DECLARO** o seguinte:

- a) Que o licitador cumpre coas condicións establecidas legalmente para ser adxudicatario deste contrato con Terra de Sanxenxo e comprométese, no suposto de ser o licitador proposto para a adxudicación, a entregar a documentación acreditativa do cumprimento que figura detallada na cláusula 13ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no prazo que nesa mesma cláusula se establece. Así mesmo o licitador comprométese a entregar a documentación citada na cláusula 13ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, en caso de ser requerido para iso polo órgano de contratación.
- b) Que o licitador autoriza á administración contratante a consultar datos que obren no seu poder ou no de outras administración, aos efectos de comprobación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

ANEXO II

MODELO DE OFERTA A INCLUIR NO SOBRE "B". PREZO

D -----, DNI nº ----- e enderezo en -----
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica --
-----, CIF nº-----, para os efectos de incorporar a
súa proposta para participar no procedemento de contratación da
**"SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL MEDIANTE GAS
NATURAL CANALIZADO ÁS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL"**,
comprométese a prestalo con suxeición ao prego de cláusulas administrativas
particulares, ao de prescricións técnicas e a presente oferta que axústase ao
único criterio de adxudicación fixado na cláusula 8ª do prego de cláusulas
administrativas particulares:

-Oferta Económica: Ofrezo a **"SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA
TÉRMICA ÚTIL MEDIANTE GAS NATURAL CANALIZADO ÁS
INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL"**, polo seguinte prezo:

____ - ____ €/MWh). Esta cantidade non inclúe ningún imposto ao respecto,
nin o IVE.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR PROPOSTO PARA A ADXUDICACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR. (A presentar só polo licitador a quen se lle requira documentación por ser o proposto para a adxudicación do contrato)

D -----, DNI nº ----- e enderezo en -----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----, CIF nº-----, como licitador proposto para a adxudicación do contrato de **"SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL MEDIANTE GAS NATURAL CANALIZADO ÁS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL"**, **DECLARO** o seguinte:

- Que nin o licitador nin, no seu caso, os seus administradores ou órganos de dirección están incursos nas prohibicións de contratar establecidas no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público Lei 30/07.
- Que o licitador está ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias no senso establecido no artigo 13.1 do Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante RXC), incluído o non ter co Estado e co Concello de Sanxenxo débedas de natureza tributaria en período executivo ou, no caso de que non proceda a utilización da vía de apremio segundo o disposto no apartado d) da disposición citada neste parágrafo, non ter débedas non atendidas en período voluntario.
- Que o licitador está ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social no senso establecido no artigo 14 do RXC.

(Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO IV

MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR DA NON VARIACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS INCLuíDAS NA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE LICITADORES. (A presentar só polo licitador a quen se lle requira documentación por ser o proposto para a adxudicación do contrato e que esté inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia)

D -----, DNI nº ----- e enderezo en -----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----, CIF nº-----, como licitador proposto para a adxudicación do contrato de **"SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL MEDIANTE GAS NATURAL CANALIZADO ÁS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL"**, **DECLARO** o seguinte:

- Que as circunstancias reflectidas no certificado acreditativo de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores (Estado/Comunidade Autónoma de Galicia) que se acompaña non experimentaron variación dende a data da súa expedición.

(Lugar, data e sinatura do proponente)